

Como estabamos a traballar Europa e os países que forman parte da UE, imos continuar avanzando coa pescuda de información sobre o noso continente. A estas alturas xa temos que saber os países que a forman xunto coas súas capitais, así como as unidades de relevo que estabamos a traballar cos mapas, lembrades?.

Partido destes coñecementos previos, imos continuar. Podes utilizar o atlas, o libro de texto (unidade 1) ou navegar por algunha das páxinas que recomendamos.

1.-Relaciona cada frase coa unidade do relevo á que se refire:

Cadea montañosa moi antiga situada no Leste de Europa que forma o límite natural entre Europa e Asia.....

Cordilleira situada entre o mar Negro e o mar Caspio co pico mais alto de Europa, O Elbrus de 5633 m.....

Litoral recortado formado por numerosas penínsulas, illas, cabos, golfos, ríos, fiordes e estreitos.....

Planicie ampla con outeiros pequenos que se estende de Oeste a Leste pola zona central de Europa; sucada por grandes ríos, como o Rin ou o Vístula.....

Sistema montañoso situado en Europa Central, cuxo cumio máis elevado é o Mont Blanc (4810 m).....

2.- Explica por que o continente europeo é unha gran península. Cales son os seus límites xeográficos?.....

.....
.....
.....

3.- Que unidades do relevo se distinguem en Europa?

4.-Completa este cadro sobre as principais cordilleiras de Europa:

Cordilleira	Situación	Pico más alto	Altitude do pico más alto
Alpes
Apeninos
Balcáns
Cárpatos
Cáucaso
Pireneos

5.- Define, coas túas propias palabras, estes conceptos. Se é necesario, consulta un dicionario:

Fiorde.....

Macizo.....

Estreito.....

6.- Responde:

En que sistema montañoso se localiza a máxima altitude de Europa? Que nome recibe?

.....

Que cordilleira, río e mar forman o límite natural entre Europa e Asia? Que cordilleira separa España de Francia?.....

.....

Localiza as principais penínsulas, illas, cabos e golfos, e escribe os seus nomes.

7.- Relaciona as seguintes caracerísticas co río ao que se refiren:

É o río más longo de Europa, nace en Rusia, desemboca no mar Caspio e é navegable en case todo o seu percorrido.....

Nace na Selva Negra (Alemaña) e desemboca no mar Negro; utilízase como ruta fluvial de transporte.....

Nace nos Alpes suízos e desemboca no mar do Norte; a maior parte do seu percorrido é navegable.....

Nace nos Alpes e desemboca no mar Mediterráneo, formando un delta.....

Nace en Rusia, da confluencia de dous ríos e é totalmente navegable aínda que permanece xeado durante o inverno.....

8.- Relaciona cada río coa súa vertente hidrográfica:

Danubio:		Oder:	
Dniéper:		Pechora:	
Dniéster		Po	
Don:		Rin:	
Douro:		Ródano:	
Dvina Setentrional:		Sena:	
Ebro:		Texo:	
Elba:		Ural:	
Kama:		Vístula:	
Loira:		Volga:	